

AER non comparte a proposta-chantaxe “Concellos Doing Business Galicia”



O pleno de Redondela vén de aprobar a proposta do goberno local para que o noso Concello participe nunha iniciativa da Xunta denominada “Concellos Doing Business Galicia”, xa que segundo eles “vai favorecer a captación de inversións empresariais e a creación de novos postos de traballo”. Este protocolo enmárcase dentro da discutida “Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia”. Protocolo que nin tan sequera tiveron a decencia de nomealo en galego.

Esta proposta-chantaxe artellada entre a Xunta e a FEGAMP (presididas polo PP e o PSOE respectivamente) impón unhas medidas que obrigan aos concellos a renunciar a uns posibles ingresos por impostos e taxas, sen que os concellos teñan posibilidade algunha de decisión sobre os contidos. Co agravante de que o que se lle vai facer aos concellos que non asinen esta iniciativa é limitarlles o acceso ás subvencións nos programas promocionados pola Xunta. **Ou sexa, se non aceptas incorporarte a esta ocorrencia, recibirás menos subvención.** Pero ao mesmo tempo, a Xunta non incrementa os orzamentos desas subvencións. Non poñen un euro máis do que poñían, poñen publicidade.

Só tendo en conta quen promove tal procedemento, pode entenderse que non se teñan pronunciado en contra desta burla os membros da oposición no parlamento galego. Establécese unha baixada de impostos (IBI, IAE, ICIO) e taxas (Prestación de servizos urbanísticos e apertura de establecementos). **Pero cando se pretende dirixir a iniciativa a prol dunha determinada filosofía de crecemento sostible, económico e social... a resposta é que non se pode facer. O protocolo só establece como criterio creación de postos de traballo sen ter en conta a calidade deses postos de traballo.**

Se mañá se implanta unha gran superficie comercial, creando postos de traballo, gozará de todas estas exencións. Non importa os postos que vai destruír. O único que conta é os postos que se crean. Se fose unha canteira, tampouco importa o impacto ambiental: só os postos de traballo que crea. Nunca o que destrúe. Por non poder, **non podemos nin condicionar que esas empresas teñan un mínimo de responsabilidade social corporativa. Nin programas de inserción, conciliación, formación dual, implicación cos nosos centros de formación, etc.**

Coa fin de que Redondela non perda importantes ingresos cando se presente a subvencións da Xunta, sendo conscientes da chantaxe e hipocrisía desta proposta de lavado de cara da Xunta en conivencia coa FEGAMP, optamos pola abstención e permitir a súa aprobación. Ao mesmo tempo, arrincamos un compromiso do goberno local, que non confiamos que se cumpra (como moitos outros) para constituír unha mesa de estudo para analizar as bonificacións estaríamos dispostos a implementar, en base a criterios estratéxicos que incidan nunha Redondela de futuro, máis alá dunha promoción de emprego curtoplacista e que non fixa perspectivas ambientais, sociais, patrimoniais ou de investigación e desenvolvemento.

Redondela, 9 de marzo de 2018.